NOVIDADES PARA PROFES

Si, tamén para nós!

1.

El miedo de los niños, de Muñoz Molina



El miedo de los niños está ambientada nun tempo no que os pícaros pasaban grande parte da súa vida na rúa, xogando, contando historias en voz baixa. Unha delas é a lenda dos tísicos: homes con batas brancas que veñen de sanatorios secretos da Serra robar sangue aos nenos. Bernardo e Esteban comparten entre brinquedos e paseos pola aldea a excitación ante o temor dos seus propios contos, confundindo ao facelo os sinais dunha ameza real...

2.

Instrumental, de James Rhodes

Violáronme aos seis anos.
Internáronme nun psiquiátrico.
Fun drogadicto e alcohólico.
Intenteime suicidar cinco veces.
Perdín a custodia do meu fillo.
Pero non vou falar diso.
Vou falar de música.
Porque Bach salvoume a vida.
E eu amo a vida.
James Rhodes é un dos máis eminentes concertistas de piano da actualidade e un grande renovador da música clásica. Protagonizou documentais para a BBC e Channel 4, escribe en The Guardian e ofrece recitais en todo o mundo.

3.
Tullidos, de
Frances Ryan



A finais de 2018 recortáronse máis de 28.000 millóns de libras como resultado das políticas do Gobierno británico sobre seguridade social, vivenda, emprego e atención médica, especificamente dirixidas á comunidade discapacitada. Na era da austeridade, as persoas con discapacidade son as máis afectadas e son case catro millóns no Reino Unido. Isto súmase a unha situación na que a metade dos pobres son discapacitados ou viven cunha persoa discapacitada.

4.

Historias de mentes, de Arantxa Portabales



A autora desprega toda a súa experiencia na narración breve atrapando ao lector a través do desenvolvemento psicolóxico dos protagonistas e a súa actitude fronte as situacións ás que ven enfrontados. A mente do ser humano, no medio da excepcionalidade, perfectamente reflectida grazas á habitual capacidade da nova "dama da novela negra" para engancharnos desde o primeiro momento, con austeridade narrativa pero coa carga emocional necesaria en cada liña.

5.

El chico a quien criaron como perro, de Bruce Perry

Mediante a observación das historias de trauma a través da lente da ciencia, Perry descóbrenos a asombrosa capacidade do cerebro para a curación. Combinando as historias de casos inolvidables coas súas propias estratexias de rehabilitación, explica o que ocorre exactamente no cerebro dun neno exposto a un estrés extremo e propón diferentes medidas que se poden tomar para aliviar a súa dor, axudándoo a medrar como un adulto san.